

## ANEXO

| Nome e apelidos                 | Procedencia        | Estadía      | Importe/mes |
|---------------------------------|--------------------|--------------|-------------|
| Dantas de Oliveira, Carlos J.   | Fortaleza (Brasil) | 1-6 a 31-12  | 721,21      |
| Schlegel, Kate                  | New York (USA)     | 1-6 a 31-12  | 721,21      |
| Rabartin, Céline                | París (Francia)    | 1-9 a 31-12  | 601,01      |
| Bonnamy, Valérie                | Rennes (Francia)   | 1-7 a 31-8   | 601,01      |
| Ávalos Castillo, María Paz      | Chile              | 1-9 a 31-12  | 721,21      |
| Quaranta, Ilaria                | Perugia (Italia)   | 1-9 a 31-12  | 601,01      |
| Lois Barrio, María D.           | Madrid             | 1-6 a 30-9   | 510,86      |
| Masini, Manuele                 | Pisa (Italia)      | 15-7 a 14-10 | 601,01      |
| McKevitt, Kerry Ann             | Oxford             | 20-6 a 19-9  | 601,01      |
| Sodaro, Giorgia                 | Roma (Italia)      | 15-6 a 14-9  | 601,01      |
| Calzadilla Martínez, Mauricio   | Cuba               | 1-7 a 31-12  | 721,21      |
| Echegaray de la Cruz, Estíbaliz | Bizcaia            | 20-6 a 19-10 | 510,86      |

*Orde do 26 de maio de 2003 pola que se convoca unha ampliación do número de centros participantes no Plan Experimental de Creación de Seccións Europeas destinadas a potencia-la aprendizaxe de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria e centros públicos integrados.*

A potenciación do ensino das linguas estranxeiras, motivada pola necesidade de dota-la nosa poboación de capacidades comunicativas que permitan a mobilidade dentro do espazo da Unión Europea, vén constituíndo unha das liñas prioritarias de actuación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O Plan Experimental de Creación de Seccións Europeas, establecido pola Orde do 18 de abril de 2002 (DOG do 30 de abril), ten por finalidade potencia-la aprendizaxe de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria e centros públicos integrados, mediante a impartición coa incorporación dunha lingua estranxeira nun máximo de dúas materias non lingüísticas pertencentes ó segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria ou o bacharelato.

A relación dos centros autorizados para participar no plan publicouse na Resolución do 8 de outubro de 2002 (DOG do 23 de outubro).

Dado que a posta en marcha do plan mediante a citada orde se levou a cabo ó comezo do actual curso 2002-2003, polo de agora non se considera pertinente a incorporación de modificacións. Por outra parte, a recente publicación da Lei orgánica 10/2002, de calidade da educación, introducirá cambios no sistema educativo que poderán ter unha incidencia notable no desenvolvemento dese Plan de Creación de Seccións Europeas.

Non obstante, debido á boa acollida que o Plan de Creación de Seccións Europeas está a ter nos centros participantes, considérase que é conveniente proceder, a partir do vindeiro curso 2003-2004, a unha ampliación do número deses centros.

Por estes motivos, esta orde ten por finalidade abrir unha nova convocatoria de participación no Plan de Creación de Seccións Europeas, dentro das condicións xerais establecidas na precitada Orde do 18 de abril de 2002.

En consecuencia, e en virtude das competencias que lle son atribuídas pola normativa vixente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

**DISPÓN:****Artigo 1º**

O obxecto desta orde é establecer unha convocatoria, dirixida ós institutos de educación secundaria (IES) e centros públicos integrados (CPI) da Comunidade Autónoma de Galicia, para incorporarse ó Plan Experimental de Constitución de Seccións Europeas establecido pola Orde do 18 de abril de 2002.

**Artigo 2º**

As condicións para a participación no plan son as establecidas na citada Orde do 18 de abril de 2002, agás naqueles aspectos que esta orde determina.

**Artigo 3º**

A Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa poderá autorizar un máximo de cinco centros, IES ou CPI, para incorporarse ó plan a partir do curso 2003-2004.

Na selección dos centros aplicaranse os criterios establecidos no artigo 8 da Orde do 18 de abril de 2002, coa única excepción de que na súa aplicación tamén se terán en conta as características dos centros xa autorizados pola Resolución do 8 de outubro de 2002.

**Artigo 4º**

A solicitude de autorización formulada pola dirección do centro, xunto con tódolos documentos xustificativos mencionados nos artigos 6 e 7 da Orde do 18 de abril de 2002, deberase tramitar perante a delegación provincial correspondente antes do 27 de xuño de 2003.

As delegacións provinciais remitiranlle á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, antes do 18 de xullo de 2003, as solicitudes de autorización xunto cun informe da Inspección Educativa, que deberá facer constar se o proxecto presentado recolle tódolos requisitos que se establecen nos artigos 6 e 7 da citada Orde do 18 de abril de 2002.

*Disposición derradeira*

Única.-Autorízanse as direccións xerais de Centros e Ordenación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para dictar cantas normas sexan oportunas para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2003.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

*Resolución do 9 de maio de 2003 pola que se conceden as axudas para incorporación de investigadores tecnólogos/visitantes a organismos públicos de investigación da Comunidade Autónoma.*

Por resolución da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 30 de decembro de 2002 (DOG do 7 de xaneiro de 2003) abriuse o prazo de solicitudes de axudas para a incorporación de investigadores tecnólogos/visitantes a organismos públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme as bases recollidas no anexo IX da orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 1 de abril de 2002.

Tendo en conta os decretos, 22/2003, do 20 de xaneiro, polo que se determinan os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia e 23/2003, do 20 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, as competencias atribuídas á Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento foron asumidas pola Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

Na súa virtude, de acordo co establecido nas bases da convocatoria e atendendo á proposta elaborada pola correspondente comisión de selección de investigación, esta consellería

### RESOLVE:

Primeiro.-Concede-las axudas que se relacionan no anexo I desta resolución para a incorporación dos investigadores visitantes ós organismos que se indican.

Segundo.-Establécese unha lista de suplentes para efectos de posibles renuncias ou remanente de crédito, constituída polas persoas que se relacionan no anexo II por orden decrecente de prioridade.

Terceira.-A inobservancia por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na Orde do 1 de abril de 2002 suporá a perda do dereito a percibi-la subvención correspondente.

Cuarta.-Os pagamentos faranse conforme o establecido nas correspondentes bases.

Quinta.-As axudas que se conceden están cofinanciadas con fondos FSE do programa operativo integrado de Galicia na Unión Europea.

Sexta.-Contra esta resolución poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De non estimar-la interposición deste recurso, poderán interpo-

ñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

### Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2003.

Juan Rodríguez Yuste

Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

### ANEXO I

Universidade da Coruña.

| Investigador visitante     | Duración en meses | Importe total en euros |
|----------------------------|-------------------|------------------------|
| Asunción Soro Bonmati      | 3                 | 4.500                  |
| Constantin Chilarescu      | 2                 | 3.000                  |
| Dismer Ronda Betancourt    | 2                 | 3.000                  |
| Erzsebet Kovacs            | 2                 | 3.000                  |
| Gabriel Moser              | 1                 | 1.500                  |
| Ibrahim Assem              | 1                 | 1.500                  |
| José García Vivas Miranda  | 2                 | 3.000                  |
| Luis Miguel Galindo Paliza | 1                 | 1.500                  |
| Norbeto Ezquerria          | 4                 | 6.000                  |
| Sonia Trepode              | 1                 | 1.500                  |
| Vaja Tarieladze            | 2                 | 3.000                  |

Universidade de Santiago de Compostela.

| Investigador visitante             | Duración en meses | Importe total en euros |
|------------------------------------|-------------------|------------------------|
| Alberto Candel                     | 1                 | 1.500                  |
| Antonio Fernando Pestana de Castro | 0,75              | 1.125                  |
| Antonio Torres                     | 1                 | 1.500                  |
| Bernardo Pena Trapero              | 0,25              | 375                    |
| Carmen Adriana Campos              | 5                 | 7.500                  |
| Georgios Ktistis                   | 1                 | 1.500                  |
| Iliana Perdomo-López               | 5,75              | 8.625                  |
| Jesús Gracia Fadrique              | 1                 | 1.500                  |
| Joan Rieradeball                   | 0,25              | 375                    |
| John P. Richard                    | 1                 | 1.500                  |
| Juan Luis Cabrera Fernández        | 3                 | 4.500                  |
| Lluís Bru Martínez                 | 1                 | 1.500                  |
| Mirta Liliana Fascio               | 6                 | 9.000                  |
| Morel de Passos e Carvalho         | 2                 | 3.000                  |
| Nikoloz Inassaridze                | 2                 | 3.000                  |
| Pere Fullana                       | 0,25              | 375                    |
| Vincent Valles                     | 1                 | 1.500                  |